

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE 2007, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA  
Concelleiros D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS  
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>: MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>: M<sup>a</sup>. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA  
D<sup>a</sup>. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Acordo, se procede, sobre periodicidade das sesións do Pleno**

Dáse conta da proposta de celebrar un pleno ordinario todos os meses, os terceiros xoves do mes, ás 20:30 ou 21:00 horas.

Dona Xosefina do BNG di que o horario e periodicidade deben respectarse e solicita que se lle comunique tamén ós veciños a súa convocatoria .

O PP tamén reitera o cumprimento da periodicidade e horario das sesións , e solicita que se publiciten.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

## 2º.- Acordo, se procede, sobre creación e composición das Comisións Informativas Permanentes

Dáse conta da proposta de crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

Comisión Informativa de Asuntos Xerais  
Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas

Comisión Informativa de Urbanismo e Plans

Dáse conta así mesmo da composición das citadas Comisións Informativas: 1 membro de cada grupo político, sendo o Presidente de todas elas o Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas García, quedando formadas do seguinte xeito:

--*Comisión Informativa de Asuntos Xerais*: Don José Antonio Sánchez de la Fuente (PSdeG-PSOE); Don Manuel Costa Carneiro (PP); don José Alvela Edreira (TEGA) e dona Xosefina Rosa Guitián Lema (BNG).

--*Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas*: Don José Antonio Sánchez de la Fuente (PSdeG-PSOE); dona M<sup>a</sup>. Jesús Piñeiro Caldelas (PP); don José Alvela Edreira (TEGA) e dona Xosefina Rosa Guitián Lema (BNG)

--*Comisión Informativa de Urbanismo e Plans*: Dona Ana Belén Picón Cotos (PSdeG-PSOE); Don Carlos Martínez Carrillo (PP); don José Alvela Edreira (TEGA) e dona Xosefina Rosa Guitián Lema (BNG)

Polo que respecta o sistema de funcionamento das mesmas poderán actuar como suplentes calquera dos demais membros do mesmo grupo, e o sistema de votación será maioritario pero cada voceiro de grupo representará tantos votos como número de concelleiros de grupo.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes.

## 3º.- Acordo, se procede, sobre creación e composición de outros órganos complementarios

Retírase da orde do día

## 4º.- Réxime de dedicacións

Propónse a dedicación exclusiva do Alcalde-Presidente, D. Odón C. Cobas García, e do 1º Tenente de Alcalde don Eloy J. Iglesias López, coas retribucións fixadas no Orzamento Municipal vixente para o exercicio 2007.

Dona Xosefina R. do BNG di que debe definirse claramente o contido da segunda dedicación exclusiva e que debe informarse ós veciños. Sinala

ademais que debe existir un libro de rexistro de xornadas de traballo e cal é a tarefa realizada.

Pola súa parte o Sr. Alvela de TEGA expón que o gasto de dedicacións e xornadas é excesivo, como xa indicaron na anterior lexislatura, polo cal opoñense, por coherencia, a que exista unha segunda dedicación.

O Sr. Martínez do PP di estar de acordo coas dedicacións, pero con ningunha máis, nin sequera encuberta como xa viña sendo anteriormente, dado que lles parecen suficientes. Tamén solicitan un libro rexistro e que as xornadas non deben superar dez ó mes, co aforro debense cubrir outras necesidades e recuperar a vontade de servizo, engadindo que neste tema solicita a máxima transparencia.

Por último di que dado que non están en contra que se absterán .

Posta a votación a citada prposta, apróbase con seis votos favorables do PSdeG-PSOE, seis abstencións do PP e BNG e un voto en contra de TEGA.

### 5º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia

Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data vinte de xuño do ano que andamos, que din o seguinte:

--DECRETO: Designación membros Xunta de Goberno

“ En virtude do disposto nos artigos 20.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.3 e 52 do R.O.F.,

#### RESOLVÍN:

PRIMEIRO: Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós señores Concelleiros seguintes:

- D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ.
- D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
- Dª. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
- Dª. ANA BELÉN PICÓN COTOS

SEGUNDO: Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre. Notificándose ademais ós designados e publicándose no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da sinatura da presente Resolución.”

O Pleno dáse por enterado.

--DECRETO: Tenentes de Alcalde

“Nomeada a Xunta de Goberno Local por decreto desta mesma data, correspóndelle ó Alcalde designar ós Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta.

De conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 46 do R.O.F.,

RESOLVÍN:

PRIMEIRO: Nomear Tenentes de Alcalde os seguintes sres/as concelleiros que a continuación se relacionan:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ.  
Segundo Tenente de Alcalde: D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
Terceiro Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Cuarto Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

SEGUNDO: Correspóndelle ós nomeados na orde designada substituírme nas miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade, impedimento ou vacante.

TERCEIRO: Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre. Notificándose ademais ós designados e publicándose no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da sinatura da presente Resolución."

O Pleno dáse por enterado.

--DECRETO: Delegacións

"Despois das Eleccións Locais do 27 de maio, e constituída a Corporación en sesión do día 16 de xuño de 2007

De conformidade co exposto no artigo 21.3 da lei 7/1985, de 2 de abril, e 43,44 e 45 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro,

RESOLVÍN:

PRIMEIRO: Efectuar as seguintes delegacións respecto de servizos municipais que se especifican a favor dos Srs. Concelleiros que a continuación de indican

|                                 |  |
|---------------------------------|--|
| Obras e Servizos                | D. Eloy José Iglesias López            |
| Economía, Facenda e Patrimonio  | D. José Antonio Sánchez de la Fuente   |
| Medio Ambiente                  | D. Camilo Pereiras Caramés             |
| Cultura e Muller                | D <sup>a</sup> . Lucía González Louro  |
| Servizos Sociais                | D <sup>a</sup> . Lucía González Louro  |
| Educación, Deportes e Xuventude | D. José Antonio Sánchez de la Fuente   |
| Desenvolvemento e Medio Rural   | D <sup>a</sup> : Ana Belén Picón Cotos |

SEGUNDO: As delegacións efectuadas abarcarán a xestión ordinaria dos correspondentes servizos , con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros

TERCEIRO: Notificarlle a presente resolución ós designados a efectos de aceptación de tales cargos.

CUARTA.- Dar conta da presente resolución ó Pleno

QUINTA.- As citadas delegacións serán efectivas dende o día seguinte a data da presente resolución.”

O Pleno dáse por enterado.

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos

